

NORMAS MÍNIMAS DE COMPORTAMENTO DOS CIDADÁNS NOS ASPECTOS HIXIÉNICOS

- Se es propietario dun predio ou dun terreo edificable, tes a obriga de valalos e mantelos, en todo momento, limpos e en perfectas condicións de salubridade. Ademais debes coidar que os muros estean limpos de herbas, arbustos ou mato como medida imprescindible para conseguir a meta dun Oroso limpo, que sexa un bo lugar para vivir e de maior calidade de vida.
- Está funcionando o **Punto Limpo** no que podes depositar os residuos sólidos urbanos, tales como madeira, plásticos, colchóns, mobles e obxectos diversos, para a súa recollida, clasificación e reciclaxe.
- O vidro, os envases, o papel e o cartón hai que depositalos nos colectores específicos de cor verde, amarela e azul, respectivamente. Prohíbese introduci-las caixas sen pregar ou deixalas fóra dos colectores de cor azul.
- As bolsas de lixo teñen que ser opacas e depositarse ben pechadas e sen líquidos nos colectores de lixo e nos puntos fixados polo concello a partir das 20:00 horas.
- Os propietarios de quioscos e bares con terrazas teñen ó seu cargo a limpeza do lugar durante o tempo que estean instalados e despois da recollida das mesas, cadeiras e parasoles.

AVISO IMPORTANTE

Ós propietarios de bares, cafeterías, establecementos comerciais, negocios, etc. prégaselles, por acumular gran cantidade de lixo, que procedan, para a súa reciclaxe, a introducilos nos colectores específicos evitando así mesturar o vidro (iglú verde), o cartón (colector azul) e os plásticos (colector amarelo),... coa materia orgánica (colector verde).

LEMBRÁMOSVOS TAMÉN QUE ESTÁ PROHIBIDO:

- Depositar lixo arredor dos colectores.
- A saída de camións das obras e lugares de retirada de terra sen o lavado previo das súas rodas.
- Pegar propaganda nas fachadas de inmobles e no mobiliario urbano.
- Tender roupa e sacudi-las alfombras á vía pública.
- Botar herbas ou maleza dos predios na rúa ou nos colectores de lixo.
- Darlles comida ós animais en lugares públicos, deixando os restos na rúa.
- Verter na rúa ou nos soportes de plantas públicos os restos de auga de fregar dos portais e dos establecementos comerciais.
- Ouriñar na vía pública.
- Deixar os excrementos dos cans e desentenderse das molestias que causen nos seus paseos.
- Tirar recipientes de vidro ou envases nos colectores non específicos.
- etc.

O incumprimento da lexislación exposta dará lugar á imposición das sancións prevista nas normativas vixentes.

Ante calquera dúbida ou para obter máis información recoméndovos que consultedes as diferentes normativas e lexislacións vixentes para tales efectos na páxina web do Concello de Oroso: www.concellooroso.com